



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2014/15	
Asignatura (*)	Novas Tecnoloxías Aplicadas a Educación		Código	652411302
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro		3.5
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es	
Profesorado	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			



Descrición xeral	<p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación forma parte do plan de estudos da diplomatura de Mestre especialista en Audición e Linguaxe. Impártese no último curso e é unha materia troncal de 4.5 créditos, 3 teóricos e 1.5 prácticos, o que equivale no Sistema Europeo de Transferencia de Créditos a aproximadamente 3.5 créditos que representan o redor de 87 horas de traballo do estudante.</p> <p>Os descritores desta materia son os seguintes: Recursos didácticos e novas tecnoloxías: utilización nas súas distintas aplicacións didácticas, organizativas e administrativas. Utilización dos principais instrumentos informáticos e audiovisuais.</p> <p>Os estudos conducentes ao título de Mestre especialista en Audición e Linguaxe teñen como principal fin dotar aos futuros mestres das competencias necesarias para desenvolver a actividade docente nos niveis correspondentes do sistema educativo integrando os aspectos básicos con aquelas competencias que de forma específica permitirán aos futuros mestres desenvolver unha actividade docente encamiñada ao desenrolo das capacidades relacionadas co desenvolvemento da linguaxe e da comunicación. Entre as funcións centrais na actividade docente está o deseño e desenvolvemento dun curriculum que permita tanto o desenrolo integral dos nenos e nenas destas idades como o desenrolo mais específico das súas capacidades lingüístico-comunicativas mediante a educación a través e que, ademais, responda a unha serie de principios xerais relacionados cunha educación democrática, inclusiva e preocupada pola xustiza social.</p> <p>Como elementos clave do curriculum sobre o que o futuro mestre deberá tomar decisións están os medios e recursos didácticos que permitirán o traballo dos contidos do curriculum e contribuirán a consecución dos fins educativos buscados. A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación dotará aos futuros mestres coas competencias necesarias para poder analizar, avaliar, seleccionar, utilizar e crear recursos baseados nas tecnoloxías da información e da comunicación. As novas tecnoloxías ofrecen o futuro mestre de Audición e Linguaxe innumerables posibilidades para a busca de información e recursos para as súas clases, para a organización e creación dos seus propios recursos, para a comunicación con outros docentes e persoas interesadas no seu mesmo campo de traballo, para a súa constante formación e para a investigación da súa propia práctica.</p> <p>Na sociedade actual, definida como sociedade da información, a xeración, procesamento, manipulación e transmisión de información grazas as TIC son agora as actividades centrais e as principais fontes de produtividade e poder. A escola debe responder aos avances tecnolóxicos tendo en conta que a mera introdución das novas tecnoloxías no curriculum non implica a mellora da calidade da educación, sendo posible seguir reproducindo formas tradicionais de ensinanza pero con novos medios. É por isto necesario unha reflexión previa sobre os fins buscados, os cales deberán buscar formar a futuros cidadáns con capacidade para a analizar de forma crítica a información transmitida a través das TIC, con capacidade para crear información mediante as TIC, con capacidade para aprender a aprender e comprometidos coa defensa da xustiza social.</p> <p>Dende unha postura crítica ante as novas tecnoloxías o docente deberá, por unha banda, guiar o estudante na súa construción do coñecemento, contribuíndo a súa vez a que se converta en intérprete crítico dese coñecemento. Ademais o docente deberá ser consciente da non neutralidade da tecnoloxía e dos intereses que se atopan tras todo avance tecnolóxico, analizando o papel das novas tecnoloxías no aumento ou diminución das desigualdades sociais, etc. Por outra banda o docente deberá utilizar estes recursos tecnolóxicos para favorecer a investigación da súa propia práctica levando a cabo procesos de investigación-acción que favorezan a mellora da súa labor docente.</p> <p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación asignada a área de Didáctica e Organización Escolar relaciónase con outras materias do plan de estudos da diplomatura de Mestre especialista en Audición e Linguaxe como poden ser Didáctica Xeral, Socioloxía da Educación, Teorías e institucións contemporáneas de educación, Organización do centro escolar así como aquelas que se centran de maneira específica no diagnóstico e intervención educativa sobre dos trastornos da audición e da linguaxe.</p>
-------------------------	---

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
--------	----------------------------



Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Capacidade para comprender e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade e na educación desenvolvendo un compromiso ético co papel liberador das novas tecnoloxías fronte o seu posible papel opresor.	A6 A18 A26 A37	B5 B11 B12 B15 B25	C3 C6 C8
Capacidade para preparar, seleccionar, avaliar, crear e construír materiais didácticos coas TIC para o traballo das distintas áreas do curriculum e tendo en conta principios educativos como a educación democrática e inclusiva e a preocupación pola xustiza social.	A17 A24 A25 A27 A31	B5 B11 B12 B25	C3 C6
Capacidade de emprego das TIC como ferramentas que, adecuadamente integradas no curriculum, poden contribuír a mellora da formación docente, da calidade do ensino e que poden favorecer os procesos de construción do coñecemento por parte dos estudantes.	A6 A7 A17 A23 A32	B5 B7 B11 B12 B25	C3 C6

Contidos

Temas	Subtemas
MÓDULO I: Sociedade, tecnoloxía e educación: as TIC na sociedade da información.	1.1. Concepto e características das TIC. 1.2. Mitos asociados as TIC. 1.3. A sociedade da información. 1.4. As TIC na globalización económica, política e cultural. 1.5. As desigualdades sociais e a fenda dixital. 1.6. O papel liberador ou opresor das TIC. 1.7. Os retos da educación ante as TIC.
MÓDULO II: A tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica.	2.1. O desenvolvemento da tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica. 2.2. O enfoque da tecnoloxía educativa desde unha perspectiva multidisciplinar e crítica das ciencias sociais. 2.3. A tecnoloxía educativa en España, Europa e no mundo. 2.4. A investigación sobre as TIC en educación.
MÓDULO III: Os medios na educación: materiais didácticos, recursos educativos e TIC.	3.1. Socialización e aprendizaxe con medios e tecnoloxías en contextos educativos. 3.2. Recursos educativos e materiais didácticos. 3.3. Os medios impresos. 3.4. Os medios audiovisuais. 3.5. Os medios dixitais. 3.6. O deseño, selección, utilización e avaliación de recursos educativos e materiais didácticos.
MÓDULO IV: A integración das TIC na educación.	4.1. As TIC nos procesos de deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo. 4.2. O profesorado ante a integración das TIC. 4.3. A organización e xestión das TIC. 4.4. Boas prácticas para integración das TIC. 4.5. Modelos e niveis de integración das TIC.



MÓDULO V: Internet e educación.	<p>5.1. O ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>5.2. A selección, avaliación e utilización dos distintos recursos, aplicacións e servizos de internet no ámbito educativo.</p> <p>5.3. A web 2.0: análise das súas posibilidades educativas e creación de recursos na rede.</p> <p>5.4. O elearning e os entornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>5.5. Os entonos de traballo colaborativo.</p> <p>5.6. As redes sociais.</p>
---------------------------------	---

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	12	18	30
Discusión dirixida	2	2	4
Traballos tutelados	18	22	40
Proba mixta	1	8.5	9.5
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Discusión dirixida	<p>Mediante esta dinámica abordarase diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade e en educación en particular, atendendo aos múltiples factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.</p>
Traballos tutelados	<p>En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomarase como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>
---------------------	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	<p>En relación cos traballos tutelados valorárase:</p> <ul style="list-style-type: none">- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.- A profundidade do contido.- O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas.- O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.- A presentación e a claridade da exposición.	70
Proba mixta	<p>A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.</p>	30
Outros		

Observacións avaliación
<p>Segundo a participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións.</p> <p>Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (&gt;85%):</p> <p>a)</p> <p>Elaboración dun cartafol cos traballos de cada grupo no que se recollerán as prácticas que se desenvolvan na aula, así como aquelas actividades relacionadas coa lectura e análise de materiais diversos presentados en clase (70%).</p> <p>b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (30%).</p> <p>Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (&lt; 85%):</p> <p>a) Presentación dos traballos que corresponden coa parte práctica da materia (30%).</p> <p>b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (70%).</p> <p>Para superar a materia é necesario obter unha avaliación favorable en cada unha das partes da materia (50%). As convocatorias de setembro e decembro estarán sometidas aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño: aqueles estudantes que queiran presentarse ás mesmas deben ter a día de exame todas as actividades que corresponden ás prácticas da materia e así poder ser avaliados da mesma.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Prácticum II/652411310

Materias que continúan o temario

Didáctica Xeral I/652311103

Didáctica Xeral 2/652311361

Observacións

Os materiais de traballo desta materia para a realización das prácticas e a preparación do exame atópanse en Moodle (Campus virtual da UDC <http://campusvirtual.udc.es/moodle>). Revisar os documentos de estudo e traballo en Moodle. Iniciar canto antes a realización das prácticas. Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas. Traballar con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque. Preparar de forma adecuada a presentación das prácticas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías